



# A festa de cada día

Tamén verco rulas, viños doces, rosas e as memorias de neno.


No seu tempo, Cunqueiro espaxéi pola casa mazás e marmelos. O aroma das primeiras acougábas, por ser o “da casa natal nos meus días de infancia”, e o dos segundos, por ser o “da madurez, que é o do outono”. Foi curioso desta relación entre o olfacto, o gusto e a civilización humana, e dedicou milleiros de páxinas a algunhas das esferas onde esta relación se forxa: a comida, a bebida, a medicina e o amor.



En 1958, Xosé María Castroviejo e máis el publicaron esta xoa bibliográfica sobre a cociña e a caza galegas



Fascinado polo amor e os seus costumes, nos anos setenta escribiu artigos eróticos para as revistas *Bazaar* e *Primera Plana*



A cociña galega permitiulle a entrada en moitos fogares, onde divulgou unha versión actualizada da gastronomía galega



Dende o primeiro encontro coa farmacopea na botica do pai, quedou fascinado pola maxia da curación. Durante anos recolleu noticias sobre o tema e en 1976 publicou *Tertulia de boticas prodixiosas*

“Foi na cociña onde o home puxo máis imaxinación, moita máis ca no amor, ou ca na guerra”.

“Os viños son o sangue luxoso da civilización cristiá occidental”.



No niño novo do vento | Cen anos con Álvaro Cunqueiro | 1911-2011

### Os setenta pavillós

Quero un pavillón pra as miñas esporas de prata  
e outro pavillón pra o palafrén do sono e as miñas presas.

Quero un pavillón pra soñar con Scherezade  
e outro onde ninguén me vexa cheirar a rosa rubia

Quero un pavillón a carón dunha fonte  
e outro pra degolar na alta noite as gacelas.

Quero un pavillón pra o meu medo  
e outro pra derramar recendos polo fío da espada.

Quero un pavillón pra as miñas mañás de neno  
e outro pra poder sentarme a pedir esmola á sua porta.

—Harun-al-Rashid, dixo Mahoma, terás setenta pavillós.  
Está escrito. Mais o sono, a presa, o medo e a esmola  
ti os traerás ao teu lombo ao Paraíso.

Herba aquí e acolá, 1980